## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE XANEIRO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 21 de xaneiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 18 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Dª. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** Dª. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
Dª. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
Dª. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
Dª. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2, 4, 5b e 6b)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 9 e 10)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5a e 6a)

**Secretaria:** Dª. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### 2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 13 de xaneiro de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que puidese emendar a documentación persoal. O citado licitador presentou documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar. Lémbrase que o artigo 140.1a da LCSP establece que "*as proposiciones en el procedimiento abierto deberán ir acompañadas de una declaración responsable que se ajustará al formulario de*



ASINADO POR: INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GÓMEZ CORBAL ) 21/01/2021 13:49:07 | LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 22/01/2021 09:30:29 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 22/01/2021 12:20:14 | TÉCNICA DE XESTIÓN - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 22/01/2021 12:42:27 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBÉN PEÑA BARCELÓ 22/01/2021 13:09:11 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - ( ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS ) 22/01/2021 13:12:09 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ 22/01/2021 14:03:35 |

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/04/2024 10:43 | Páxina 1 de 7 |
| --- | --- | --- |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A2A343-54D4CC-8HDAD9-5AFVV3-CBGK89-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 21/01/2021 13:49:07 | LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 22/01/2021 09:30:29 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 22/01/2021 12:20:14 | TÉCNICA DE XESTIÓN - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 22/01/2021 12:42:27 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBÉN PEÑA BARCELÓ 22/01/2021 13:09:11 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - ( ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS ) 22/01/2021 13:12:09 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ 22/01/2021 14:03:35 |

Documento asinado

*documento europeo único de contratación de conformidad con lo indicado en el artículo siguiente, que deberá estar firmada y con la correspondiente identificación, en la que el licitador ponga de manifiesto lo siguiente [...]"*. No requirimento de data 14 de xaneiro de 2021 tamén se indicaba *"Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital".*

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 13 de xaneiro de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que puidese emendar a documentación persoal. O citado licitador presentou documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar. Lémbrase que o artigo 140.1a da LCSP establece que *"as proposiciones en el procedimiento abierto deberán ir acompañadas de una declaración responsable que se ajustará al formulario de documento europeo único de contratación de conformidad con lo indicado en el artículo siguiente, que deberá estar firmada y con la correspondiente identificación, en la que el licitador ponga de manifiesto lo siguiente [...]"*. No requirimento de data 14 de xaneiro de 2021 tamén se indicaba *"Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital".*

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 13 de xaneiro de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que puidese emendar a documentación persoal. O citado licitador presentou documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar. Lémbrase que o artigo



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/04/2024 10:43 | Páxina 2 de 7 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A2A343-54D4CC-8HDAD9-5AFVV3-CBGK89-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

140.1a da LCSP establece que *"as proposiciones en el procedimiento abierto deberán ir acompañadas de una declaración responsable que se ajustará al formulario de documento europeo único de contratación de conformidad con lo indicado en el artículo siguiente, que deberá estar firmada y con la correspondiente identificación, en la que el licitador ponga de manifiesto lo siguiente [...]"*. No requirimento de data 14 de xaneiro de 2021 tamén se indicaba *"Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital"*.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal",* tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
4. ORECO, S.A.U.
5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
7. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
8. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

**4.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores



ASINADO POR: INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 21/01/2021 13:49:07 | LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 22/01/2021 09:30:29 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 22/01/2021 12:20:14 | TÉCNICA DE XESTIÓN - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 22/01/2021 12:42:27 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBÉN PEÑA BARCELÓ 22/01/2021 13:09:11 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - ( ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS ) 22/01/2021 13:12:09 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ 22/01/2021 14:03:35 |

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/04/2024 10:43 | Páxina 3 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A2A343-54D4CC-8HDAD9-5AFVV3-CBGK89-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 15 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*. A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda excluír deste procedemento a ITWISE TECHNOLOGY SERVICES, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP (*"Aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación superior os 15 puntos, no conxunto de elementos a valorar mediante criterios subxectivos, quedarán excluídos do presente procedemento de contratación"*.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Hispanidade, entre Zamora e Pintor Colmeiro" (620-441)**



ASINADO POR: INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 21/01/2021 13:49:07 | LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 22/01/2021 09:30:29 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 22/01/2021 12:20:14 | TÉCNICA DE XESTIÓN - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 22/01/2021 12:42:27 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBÉN PEÑA BARCELÓ 22/01/2021 13:09:11 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - ( ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS ) 22/01/2021 13:12:09 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ 22/01/2021 14:03:35 |

Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/04/2024 10:43 / Páxina 4 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A2A343-54D4CC-8HDAD9-5AFVV3-CBGK89-F1 |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro técnico en Topografía e o xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 15 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

| | Licitador | Porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios sen IVE dos equipamentos do Anexo I do PPT | Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario NetApp Model: FAS2650 | Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario NetApp Model: FAS2552 96 | Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos ProLiant DL580 Gen10 | Propón un porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos, máximo Synology SA3400 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | ECONOCOM SERVICIOS, S.A. | 55,52% | 42% | 47% | 76% | 46% |

O licitador non presenta o orzamento detallado esixido no apartado 6A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Asisten á apertura D. Juan José García de La Torre, con DNI **.*98.08*, en representación de ECONOCOM SERVICIOS, S.A. e D. Martín Rivas Chamorro con DNI **.*99.32* en representación de ITWISE TECHNOLOGY SERVICES, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.
2. Conceder un prazo de tres días a ECONOCOM SERVICIOS, S.A. para que presente o orzamento detallado esixido no apartado 6A do Anexo I -FEC- do PCAP e cláusula 14.2C.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Hispanidade, entre Zamora e Pintor Colmeiro" (620-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

| | Licitador | Redución do prezo |
|---|---|---|
| 1 | CIVIS GLOBAL, S.L.U. | 634.699,40 |



ASINADO POR: INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 21/01/2021 13:49:07 | LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 22/01/2021 09:30:29 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 22/01/2021 12:20:14 | TÉCNICA DE XESTIÓN - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 22/01/2021 12:42:27 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBÉN PEÑA BARCELÓ 22/01/2021 13:09:11 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - ( ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS ) 22/01/2021 13:12:09 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ 22/01/2021 14:03:35 |

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/04/2024 10:43 | Páxina 5 de 7 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A2A343-54D4CC-8HDAD9-5AFVV3-CBGK89-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 21/01/2021 13:49:07 | LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 22/01/2021 09:30:29 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 22/01/2021 12:20:14 | TÉCNICA DE XESTIÓN - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 22/01/2021 12:42:27 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBÉN PEÑA BARCELÓ 22/01/2021 13:09:11 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - ( ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS ) 22/01/2021 13:12:09 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ 22/01/2021 14:03:35 |

Documento asinado

| | Licitador | Redución do prezo |
|---|---|---|
| 2 | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. | 579.531,63 |
| 3 | CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. | 630.370,00 |
| 4 | CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) | 629.915,63 |
| 5 | CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. | 575.133,64 |
| 6 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 644.266,96 |
| 7 | MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 607.231,26 |
| 8 | NAROM, S.L. | 615.795,76 |
| 9 | OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. | 553.066,53 |
| 10 | ORECO, S.A.U. | 679.142,25 |
| 11 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 626.520,68 |
| 12 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 581.692,05 |

Asiste á sesión Dª. Begoña Rivas Baltar, con DNI número **.*13.54*, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 18 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas, e da resolución nº 3/2021 do 8 de xaneiro (recurso nº 225/2020) do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/04/2024 10:43 | Páxina 6 de 7 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A2A343-54D4CC-8HDAD9-5AFVV3-CBGK89-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das seguintes exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

1. Sesión do 29 de setembro de 2020: SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Sesión do 18 de xaneiro de 2021: UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L., por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP, en cumprimento da resolución nº 3/2021 do 8 de xaneiro do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación final |
|---|---|---|
| 1 | INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. | 90.63 |
| 2 | EULEN, S.A. | 40.17 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. (B-27.715.879), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



ASINADO POR: INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 21/01/2021 13:49:07 | LETRADA - XEFA DE ASESORAMENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 22/01/2021 09:30:29 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 22/01/2021 12:20:14 | TÉCNICA DE XESTIÓN - ( RUTH MARÍA GALLEGO SANTOS ) 22/01/2021 12:42:27 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBÉN PEÑA BARCELÓ 22/01/2021 13:09:11 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - ( ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS ) 22/01/2021 13:12:09 | TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ 22/01/2021 14:03:35 |

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 29/04/2024 10:43 | Páxina 7 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A2A343-54D4CC-8HDAD9-5AFVV3-CBGK89-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv